

## **ANUNCIO PARA CONSULTA PÚBLICA**

En cumprimento do establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións públicas, a Área de Participación e Servizos para a Veciñanza do Concello de Lugo, somete a consulta pública previa a elaboración da Ordenanza Municipal de Cemiterio Municipal de Mascotas, co fin de recabar a opinión da cidadanía e organizacións ou asociacións máis representativas que puideran resultar afectados pola devandita norma.

### **1. Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa**

A crecente presenza de animais de compañía nos fogares, nos cales comparten, cada vez con maior frecuencia a vida persoal e familiar das persoas e a demanda de espazos para recordalos logo do seu falecemento, xera a necesidade de ofrecer á cidadanía opcións axeitadas e dignas para o depósito das súas cinzas e o recordo das mascotas, cal é o Cemiterio Municipal de Mascotas.

Actualmente non existe normativa reguladora para este espazo, sendo necesario arbitrar unha serie de medidas para un uso axeitado e respetuoso deste espazo.

### **2. Necesidade e oportunidade da súa aprobación**

Atendendo a demanda cidadá, está actualmente en construción un Cemiterio Municipal de mascotas, que estará destinado exclusivamente a depósito de cinzas e contará cun espazo axeitado para o seu merecido recordo.

Cómpre polo tanto establecer unha normativa reguladora do seu uso e funcionamento con directrices claras para garantir un uso responsable así como o respecto e a dignidade na despedida dos animais de compañía, dando unha solución digna ao depósito das súas cinzas nun lugar de referencia para o acollemento e recordo da vida compartida, evitando asimesmo as prácticas inaxeitadas como enterramentos clandestinos, abandono de restos etc.

A oportunidade da aprobación da norma ven determinada pola necesidade de satisfacer a crecente demanda da cidadanía en consonancia coas novas tendencias da sociedade actual cun elevado índice de presenza de mascotas na vida familiar.

### **3. Obxectivos da norma**

Esta iniciativa ten por obxecto:

- A regulación do uso e modo de xestión do recinto do Cemiterio de mascotas, que estará destinado ao depósito das cinzas dos animais de compañía, con indicación do seu marco regulador.
- Determinación dos destinatarios do servizo, que irá dirixido exclusivamente aos cans, gatos, huróns e animais de compañía incluídos na listaxe positiva de

animais de compañía creada a teor do disposto no artigo 35 da Lei 7/2023, do 28 de marzo.

- Determinación dos horarios de acceso, usos e dereitos e obrigas das persoas usuarias.
- Establecemento das normas cívicas de respecto e convivencia que deben rexer a fin de garantir o disfrute e benestar de todas as persoas usuarias.
- Trátase, en definitiva de garantir o respecto e a dignidade na despedida dos animais de compañía, dando unha solución digna ao depósito das súas cinzas nun lugar de referencia para o acollemento e recordo da vida compartida, evitando asimesmo as prácticas inaxeitadas como enterramentos clandestinos, abandono de restos etc.

#### **4. Posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias**

A posta en funcionamento do Cemiterio municipal de mascotas, actualmente en construción require tanto a nivel de seguridade xurídica como de control administrativo a aprobación dunha Ordenanza reguladora cuxo texto está sendo confeccionado e no cal, segundo queda especificado no corpo do presente anuncio de consulta pública se recollerán as normas reguladoras e a determinación dos requisitos necesarios para acceso, uso e conservación.

A falta de regulación pode xerar problemas como pode ser a inseguridade xurídica en canto á custodia das cinzas, respecto ao espazo atribuído a cada titular, falta de mantemento, deterioro da infraestrutura, conflitos no uso e actividades a realizar no espazo, etc.

Polo tanto contéplase a opción regulatoria, como única válida para un funcionamento óptimo desta nova instalación municipal.

#### **5. Prazo para presentar suxestións ou propostas**

Establécese o prazo de QUINCE DÍAS naturais para que a cidadanía, organizacións e asociacións que o consideren oportuno, acheguen as suxestións e propostas que estimen oportunas que deberán ser presentadas por escrito a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da devandita Lei 30/2015, do 1 de outubro, (LPACAP).

A Tenenta de Alcalde,  
Área de Participación  
E Servizos para a Veciñanza

M.Cristina López Fernández